

# AS FUNCIÓNS VITAIS DAS PLANTAS

## REPRODUCCIÓN-

A flor é o órgano para reproducirse.

### Partes da flor

Os ESTAMES. É a parte masculina.  
No extremo teñen uns saquiños onde se atopa o POLE.

Os PÉTALOS. Son follas coloreadas.  
O conxunto de todos os pétalos forma a COROLA.

O PISTILO. É a parte feminina da flor. Ten forma de botelliña, cunha parte máis abultada no fondo, o OVARIO.

Os SÉPALOS. Son as folliñas verdes que forman o casulo da flor.  
O conxunto de todos os sépalos é o CÁLIZ.

### Pasos da reprodución

1º. Nos estames fórmase o pole.

2º. un gran de pole chega ao pistilo doutra flor.

3º O ovario madura e transfórmase no FROITO que contén as SEMENTES.

4º Cando a semente cae a terra, xermina e dá orixe a unha nova planta.

## NUTRICIÓN

Fabrican elas mesmas o seu alimento

### Necesitan

Auga e sales minerais. Absorben da terra a través da raíz. Chámase zume bruto.  
Ascende polo talo ata as follas

Dióxido de carbono: gas que obteñen do aire a través das follas.

Luz do sol: fonte de enerxía e é captada polas follas.

Con todo o anterior, as plantas elaboran as substancias que lle servirán de alimento e que forman o zume elaborado.

Ao final, expulsan ao aire outro gas, o OSÍXENO

## RELACIÓN

Captan información que hai no exterior e responden aos cambios do medio.

O talo e as follas diríxense cara a luz. A raíz medra cara a onde hai humidade.